

Boas Prácticas de Calidade USC 2020

Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Denominación da práctica: Posta en valor do Comité Consultivo como órgano do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade

Datas de desenvolvimento da práctica: Dende o curso académico 2016-17 ao 2019-20.

Breve descripción da práctica: O Comité Consultivo é un órgano vinculado á política e obxectivos de calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Facultade ou Facultade de ADE, en diante) e está formado por representantes externos á Facultade. Na súa composición tratouse de dar voz e integrar ás distintas opinións de colectivos e/ou ámbitos nos que desenvolverán a súa profesión os graduados/as da Facultade, quedando formado finalmente por membros de empresas privadas, responsables dos centros de emprendemento da cidade, un representante da Administración Pública e o Decano do Colexio de Economistas.

Este Comité ten a súa orixe na disposición da Facultade de ADE de achegar a universidade á sociedade co afán de diminuír a desconexión ou brecha que existía entre ambas. A Facultade é parte dunha contorna económica e social moi relevante da cal depende, se nutre e na que impacta; e, polo tanto, as decisións e accións levadas a cabo deben ser comunicadas aos membros dessa contorna. Neste senso, inicialmente, o Comité Consultivo naceu como órgano representante deses grupos de interese ao cal a Facultade debía dar contas. Co tempo, o Comité evolucionou e dá un feedback informativo e, en ocasións correctivo, sobre as accións propostas e a súa aplicación no contexto empresarial. Co cal, pódese dicir que a súa función é aconsellar ao equipo de dirección sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten ao centro e facilten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social.

A súa creación está enmarcada no obxectivo “Incrementar a Xestión Transparente” do Plan Estratégico 2016-2020 da Facultade de ADE e forma parte do obxectivo marcado na programación plurianual 2017-2020 “Informar e facer partícipes das decisións adoptadas aos diferentes colectivos implicados na Facultade”. Se ben é certo que a iniciativa xa nacera previamente cando este grupo consultivo, de xeito informal, aconsellou na elaboración do Plan Estratégico.

Breve avaliación da eficacia da práctica: As aportacións do Comité Consultivo foron de gran utilidade en diversas ocasións para a Facultade de ADE. En primeiro lugar, as súas achegas foron incorporadas no Plan Estratégico 2016-2020 da Facultade, aprobado pola Xunta de Centro o 30 de setembro de 2016 e pola Comisión de Calidade e Procedementos do Consello de Goberno da USC o 27 de abril de 2017.

No relativo á súa función de comprobar se existe axuste entre as competencias dos títulos e as demandas do mercado laboral e do entorno fixeron diversas achegas que dende a Facultade se trataron de ter en conta e poñelas en marcha de distintos xeitos. Nas reunións mantidas co Comité insistiron na relevancia de darrle ao alumnado unha formación máis práctica, de formalo en idiomas, en tecnoloxías e ferramentas dixitais, etc.

Neste senso, dende a Facultade decidiuse:

- Con respecto ás titulacións existentes con plans de estudos pechados as accións realizadas foron:
 - o Oferta de diversos cursos que melloraron as competencias transversais do alumnado no ámbito dixital, informacional, comunicativo, etc.
 - o Deseño, programación de cursos e integración na docencia de software empresarial e ferramentas para a xestión como Glasof ou Excel.
 - o Organización de xornadas temáticas no ámbito da dixitalización, entre outras.
 - o Aposte polas prácticas de campo con visitas a empresas da contorna. Nos últimos anos visitáronse empresas como Innolact, El Progreso, Torre de Núñez, Maeloc, Daveiga, Arenal, Cafés Candelas, Adegas Moure, Jim Sport, Fundación CEL, etc.
 - o Fomento entre o profesorado da adhesión ao Plan LEDUS para impartir a súa docencia en inglés. Dende o curso 2018-19 ofertáronse tres materias de grao nesta lingua.

Todas as accións tiveron éxito entre o alumnado, evidenciado pola alta taxa de participación en cada unha das actividades.

- Con respecto ás novas titulacións, elaborouse, durante estes anos a memoria do novo título de Grao en Empresa e Tecnoloxía. Para a súa elaboración tivéronse en consideración as suxestións do Comité, que incluso participou no deseño dos programas das materias que conforman a titulación. Así, este grao:
 - o Preparará profesionais capaces de afrontar os cambios tecnolóxicos que se están producindo no ámbito empresarial.
 - o Incorpora materias de inglés empresarial.
 - o As materias teñen unha maior carga de docencia interactiva, e polo tanto, práctica.
 - o Propón a realización de talleres cun enfoque eminentemente práctico.

Este curso é o primeiro no que se imparte a titulación polo cal non se pode facer unha avaliación real da eficacia do traballo e as propostas. Aínda así, os datos de matrícula apunta unha boa acollida da titulación.

En resumo, o traballo co Comité Consultivo:

- Facilita o proceso de toma de decisións más axustadas ás necesidades do tecido empresarial.
- Axuda no establecementos dunha comunicación bidireccional entre a universidade e a sociedade.
- As evidencias demostran que o traballo do Comité se desenvolveu axeitadamente e as súas aportacións foron relevantes para a mellora da oferta docente da Facultade de ADE, logrando unha maior adaptación ás necesidades da contorna empresarial e social.
- É unha práctica que evolucionou e logrou manterse no tempo. Ademais, aínda que se analizou o período no que inicialmente se enmarcaba a acción, seguirase mantendo.
- É unha práctica innovadora na Facultade de ADE e replicable aos demais centros da Universidade.